



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre Decisión de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico As Penizas (Forcarei e Cerdedo, Pontevedra), promovido por ESTELA EÓLICA, S.L. clave 2011/0079,

EXPÓN:

1. Que de acordo co "*Documento ambiental*" non afectaría a hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea.
2. Que, de acordo co "*Documento ambiental*", coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) e no Anexo I da Directiva Aves o proxecto podería afectar a 10 especies de vertebrados catalogadas nalgunha categoría de ameaza para a súa conservación (*Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica*, *Hyla arborea*, *Circaetus gallicus*, *Circus pygargus*, *Falco peregrinus*, *Bubo bubo*, *Caprimulgus europaeus*, *Lanius collurio*, *Galemys pyrenaicus*).

SOLICITA:

Que o proxecto de Parque Eólico As Penizas (Forcarei e Cerdedo, Pontevedra), promovido por ESTELA EÓLICA, S.L. clave 2011/0079, se someta a Estudio de Impacto Ambiental e que éste:

1. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
 - a. *Chioglossa lusitanica*, *Rana iberica*, *Hyla arborea*, *Galemys pyrenaicus*: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxeadas, pasos canadienses, etc.
 - b. *Circaetus gallicus*, *Circus pygargus*, *Falco peregrinus*, *Bubo bubo*, *Caprimulgus europaeus*, *Lanius collurio* e *quirópteros*: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
 - c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.
2. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeadas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 21 de xuño de 2011